

A. G.

Que a narrativa galega ten un pulo cada vez mais forte, non debe ser posto en dúbida e que a narrativa galega na provincia de Lugo segue a ocupar un lugar destacado, é tamén cousa palpabel. Un exemplo témo-lo na novela **A canción do vagamundo**, editada por Edicións Sotelo Blanco e da que é autor o monfortino Lois Diéguez, novela que por outra banda acadou o premio Eduardo Blanco Amor de novela en 1986.

Lois Diéguez presenta neste libro unha novela ben acadada, tanto na súa estrutura como no tratamento dos seus persoaxes e no labourado do seu idioma. Non pode negar o autor que é unha narración longamente traballada, meticulosamente labourada e na que sabe mixturar as unidas temporais co discurso narrativo tirando en conxunto unha historia espléndida, cecais porque é a historia particularizada dun pobo ou dunha nación trata-da maxicamente e na que "mamá Otilia" se converte nun persoaxe maxistral e inesquencibel.

Con esta novela temos o convencimento, unha vez mais, de que a literatura galega, e neste caso a narrativa, está pasando por un dos seus millores momentos e o traballo de escritores como Lois Diguez non pode pasar desapercibido, non só en Galicia senon no resto do estado.

Outro monfortino, neste caso o poeta Manuel María, é o autor dun novo libro de poemas apare-

cido recentemente en Edicións Follas Secas e nunha edición patrocinada por Caixa Galicia.

Con este longo título, **Ritual para unha tribu capital de concello** composto por setenta e sete poemas "sen fronteiras idiomáticas" como se fai constar no prólogo, o poeta chairego retorna á nenez e ós lugares comúns dos seus primeiros anos de adolescente.

En versos libres con rima percurada e delicada, Manuel María ofrécenos un poemario de lembranzas, de señardade, de lugares vividos en tempos de memoria: *As lindes da tribu son o esaito / e teñen nome propio: Robra/ Bonxe, Santa Mariña e Asteriz.*

No fondo case que poderíamos falar dunha historia de transformación -ou destrucción?- dun pobo visto por alguén que vive lonxe del e que garda unhas imaxes inmaculadas do mesmo.

Dos libros habería que pasar ó comentario de dúas revistas galegas tamén de recente aparición no mercado. A primeira delas é o número 23, correspondente ó mes do nadal de **Outeiro**, editada por Caixa Galicia e que neste caso ven ser un resumo da actividade e dos feitos mais destacados en Galicia durante o pasado ano. Así, os deportes, a política, a moda, a economía, o traballo e a cultura son tratados ó longo das sus páxinas con interesantes artigos encol dos diferentes temas. Entre eles habería que destacar os varios artigos adicados a resaltar o centenario do nacemento de

Florentino López Alonso-Cuevillas.

A segunda das revistas á que queremos facer referencia é a publicada en Ourense baixo o título de **Follas Secas** que despi-de o ano adicado a Castela con unha serie de artigos encol de tan notabel rianxeiro sobor da súa obra, actividades e textos sobor del. Cabe destacar entre outros os de Isaac Daz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Carvalho Calero, Franco Grande e Santiago A. L. Navia. Ademais a habitual sección de creación con textos de Manuel María, Xoan Bernárdez Vilar, Novoneira e Antón Reixa.

Xa para rematar compre suliñar a aparición nas librerías dun libro de Friedrich Dürrenmatt, **Justicia** publicado por Tusquets Editores e no que os lectores afeizoados ó dereito poden topar unha narración sorprendente na que a xusticia se converte en farsa ó traveso dun home culto, rico e maquiavélico xogador de billar.

OUTRAS NOVIDADES

María Dolores Alibés i Riera e Pau Estrada. **As ratas na escola** Editorial Galaxia, Vigo, 30 páxinas.

Brigitte Lozerech. **La vida provisional** Editorial Noguer, colección "Galería literaria", Barcelona, 299 páxinas.

Jorge Luis Borges e María Kodama. **Atlas** Editorial Edhasa, Barcelona, 87 páxinas.

Flannery O'Connor. **Los profetas**. Editorial Lumen, Barcelona, 251 páxinas.